



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Básico de finanzas aplicadas ás operacións bancarias, seguros e bolsas

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Consellería de Facenda e Administración Pública

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	40
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2007
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 20/03/2007 - 08:00h ao 18/04/2007 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Coñecementos básicos da estrutura do sistema financeiro, das entidades que o integran, do funcionamento dos mercados financeiros e dos produtos financeiros máis utilizados e sobre a metodoloxía nos análises do risco e na valoración de empresas.

DESTINATARIOS

Persoal da administración da Xunta de Galicia que realice tarefas relacionadas coa materia financeira ou de xestión económica, en especial, da Consellería de Economía e Facenda.

PROGRAMA

- 1-Caraterísticas e estrutura do sistema financeiro. O Banco de España. O sistema europeo de bancos centrais e o Banco central europeo.
- 2-Entidades de crédito: clasificación e normativa aplicable. Bancos. Caixas de Aforros. Cooperativas de crédito. Competencias das comunidades autónomas.
- 3-Contratación bancaria. Normativa de transparencia e protección á clientela.
- 4-Produtos financeiros (I): produtos bancarios clásicos.
- 5-Produtos financeiros (II): Institucións de investimento colectivo.
- 6-Produtos financeiros (III): derivados e estruturados.
- 7-Seguros e plans de pensións (I): exercicio da actividade aseguradora. O contrato de seguro (parte xeral)
- 8-Seguros e plans de pensións (II): diferentes modalidades de seguros.
- 9-Mercado de capitais(I):CNMV. Mercados primarios. Mercados secundarios.
- 10-Mercado de capitais(II):empresas de servizos de investimento.
- 11-Metodoloxía de análise do risco de crédito.
- 12-Metodoloxía de valoración de empresas
- 13-Caso práctico sobre análise de risco e valoración de empresas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Xerais

a) Os criterios selectivos que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración Pública de 30 de xaneiro de 2007 (Diario Oficial de Galicia nº 27, do 7 de febreiro de 2007) e, de ser o caso, os criterios específicos que se establezan para cada acción formativa sinalados no anexo III.

b) Nos cursos que teñan varias edicións, terá preferencia na selección efectuada para cada unha das localidades programadas o persoal que teña o seu posto de traballo nelas.

- c) A EGAP poderá solicitar en calquera momento nos centros directivos dos cales dependan os solicitantes un informe acreditativo da adecuación do perfil do solicitante ao contido do curso.
- d) Así mesmo, poderá ser solicitado o asesoramento dos profesores na materia dos cursos cando sexa conveniente para unha mellor selección e a homoxeneización do grupo de alumnos, para o que poderán ser establecidas probas previas de nivel.
- e) No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos nalgún curso, poderá completarse o número de alumnos asignados a eles mediante a apertura dun novo prazo público na páxina web da EGAP, con suficiente antelación para que teña lugar unha adecuada selección das novas persoas candidatas.

3. DATOS EDICIÓNS

AU07AAV001SA

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 10/10/2007 a 26/10/2007

NUM. PRAZAS: 20

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE